

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
VIGO

Contratos administrativos

*CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO
URBANO DA GRAN VÍA ENTRE A RÚA LEPANTO E A RÚA NICARAGUA*

**CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN E
TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA ENTRE A RÚA LEPANTO E
A RÚA NICARAGUA**

1. **Entidade que adxudica:** organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Área de Fomento.
Nº expediente 5.143-440
2. **Obxecto do contrato:** a execución das obras do proxecto “Rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua”
Lugar de execución: Vigo
Prazo de execución: 12 meses. Prórroga: Non.
3. **Tramitación e procedemento:** Tramitación: Ordinaria. Procedemento: Aberto.
4. **Orzamento base:** 7.436.445,27 euros IVE a soportar pola administración: 1.561.653,51 euros.- Orzamento total: 8.998.098,78 euros
5. **Garantías esixidas:** a) Provisional: non se esixe. b) Definitiva: si (5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE). c) Complementaria: si, por un importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE, cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente .
6. **Obtención da documentación e información:** www.vigo.org (perfil do contratante),
teléfono (986) 810148. Fax: (986) 226206.
Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.
7. **Requisitos específicos do contratista:** a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: Posuír a seguinte clasificación: Grupo G “Viales e pistas”, Subgrupo 6 “Obras sen cualificación específica”, Categoría “4” e Grupo “J” subgrupo “1”, categoría “4”. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: osuír a seguinte clasificación: Grupo G “Viales e pistas”, Subgrupo 6 “Obras sen cualificación específica”, Categoría “4” e Grupo “J” subgrupo “1”, categoría “4”



Venres, 23 de febreiro de 2018

Núm. 39

8. Presentación de Ofertas: Prazo: rematará o día 22 de marzo de 2018..

Documentación: a esixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei nº 1 36202 VIGO, ata as 13,30 h. do último día de prazo.

Admisión de melloras: non.

Prazo da obriga de mante-la oferta: dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

9. Apertura Ofertas técnica e económica: entidade, domicilio e localidade: vexase punto 6 do anuncio.

Data e hora: se anunciará no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións: Este proxecto é susceptible de cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

11. Páxina web para obtención de información: www.vigo.org

Vigo, a 9 de febrero de 2018.

O concelleiro delegado de Contratación

P. D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015)

David Regades Fernández

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:W88WCF5I5V6A0FEP

